



## **LIBROS DE TEXTO e MATERIAL ESCOLAR Curso 2024/2025**

Orde do 07 de maio de 2024 (DOG do 20 de maio de 2024)

### **VAI DIRIXIDO A:**

O alumnado de E. Primaria, educación secundaria e educación especial no curso 2023/24.

**MODALIDADES:** Dous tramos de renda

- Igual ou inferior a 6.000€ .
- Superior a 6000€ e igual ou inferior a 10.000€

**Axudas/ Vale:** Cursos 1º e 2º Primaria.

**Fondo:** Cursos 3º/4º/5º/6º. Familias por orde inversa á renda per cápita, ata esgotar existencias.

**Vale Material:** Todos os cursos de primaria. Familias con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€.

O noso alumnado de 6º de Primaria debe ir a facer estes trámites ao Instituto de ESO no que fixo a reserva ou admisión.

### **A SOLICITUDE É ÚNICA PARA AS MODALIDADES E NELA INCLÚENSE TODOS OS FILLOS/AS ADMITIDOS NO MESMO CENTRO.**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica. Podedes acceder dende a web da escola <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfreiluisgranada/>, ou dende a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/> (Procedemento: ED330B), ao formulario e a toda a información.

Opcionalmente, **poderase presentar as solicitudes na secretaría** do centro, onde estuden os/as nenos/as o vindeiro curso 2024/25.

**PRAZO de solicitude:** Ata o 21 de xuño de 2024 (este incluído).

**PRAZO de resolución:** O centro informará a través da web e abalarMóbil do calendario de recollida de vales e de publicación de listaxes, provisionais e definitivas, e de solicitudes excluídas e admitidas cos libros asignados, **do alumnado que permaneza na nosa escola.**

**PRAZO de devolución:** Ata o 21 de xuño. O/a alumno/a entregará os libros a titora.

### **RECÓRDASE QUE:**

- ❖ As familias comprométense a manter en **bo estado os libros**, para incorporalos, ao rematar o curso escolar 2023/24, de novo ao **fondo solidario (Banco de libros)** que permitirá a súa reutilización nos seguintes cursos académicos.
- ❖ A **falta de devolución** de todos os libros, ou a devolución en mal estado será causa de exclusión da participación no Banco de libros.

## **DOCUMENTACIÓN, que xustifique a unidade familiar a 31/12/2022 (Artigo 4)**

De maneira xeral aportarase copia do libro de familia\*, so se hai cambios ou modificación dos membros computables da unidade familiar, con respecto á anterior convocatoria.

\*Nos casos en que non teñan libro de familia, ou este non reflicta a situación o 31 de decembro de 2022, deberán aportar documentación que xustifique a nova situación familiar. (certificación de convivencia)

### **CÁLCULO RENDA PER CÁPITA FAMILIAR. (Artigo 3)**

- ❖ Terase en conta a unidade/ situación familiar a 31/12/2022.
- ❖ Exercicio fiscal 2022.

A renda da unidade familiar obterase pola suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Sumaranse a base imponible xeral (**recadro 435**), e a **base imponible de aforro (recadro 460)**, de ambas rendas, dividida entre o número de membros computables.(Artigo 4)

**Isto é unha orientación, para o voso cálculo, pois na solicitude non hai que por ningunha cantidade, pois ao se autorizar a consulta telemática de todos os datos cruzaranse automaticamente coas distintas Administracións e eles mesmos comproban.**

As persoas que non residiran en España no ano 2022 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe ou presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.

---

A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

Esta información é de carácter xeral, sen perxuízo do especificado na Orde do 07 de maio de 2024 (DOG do 20 de maio 2024) desta convocatoria.
---